


Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1. A composición química do xeso é:
 - a) carbonato de calcio.
 - b) sulfuro de calcio.
 - c) sulfato de calcio hidratado.
 - d) óxido de calcio hidratado.
2. Cal é a propiedade física máis característica das micas como a moscovita?
 - a) Dureza.
 - b) Partición.
 - c) Fractura.
 - d) Exfoliación.
3. No cabo Ortegal destaca a presenza de:
 - a) granito.
 - b) calcaria.
 - c) ecloxita.
 - d) caolín.
4. As lavas ácidas dun volcán son:
 - a) moi fluídas.
 - b) viscosas.
 - c) baixas en sílice.
 - d) de desprazamento rápido.
5. Cal das seguintes secuencias non está formada exclusivamente por rochas metamórficas?
 - a) Mármore, gneis, lousa e ecloxita.
 - b) Cuarzita, calcaria, gneis e anfíbolita.
 - c) Serpentinita, ecloxita, anfíbolita e xisto.
 - d) Lousa, filita, xisto e cuarzita.
6. Referente ao ciclo das rochas, sinalada a opción verdadeira:
 - a) as rochas magmáticas só poden converterse en sedimentarias.
 - b) as rochas sedimentarias só poden converterse en metamórficas.
 - c) unha rocha magmática, sedimentaria ou metamórfica pode dar lugar a unha rocha de calquera dos tres tipos.
 - d) unha rocha metamórfica nunca pode transformarse noutra rocha metamórfica.
7. Os depósitos de sedimentos de orixe glaciar chámanse:
 - a) moreas (morrenas).
 - b) tillitas.
 - c) traquitas.
 - d) toba glaciar.

8. A textura representada no debuxo é:

- a) holocristalina.
- b) vítrea.
- c) sedimentaria.
- d) porfídica.



9. Que é unha lumaquela?

- a) Unha arxila especialmente grande e plástica.
- b) Unha calcaria con elevado contido en cunchas.
- c) Un mineral do grupo dos filosilicatos.
- d) Un tipo de carbón.

10. Segundo a teoría enunciada por Wegener:

- a) as placas litosféricas desprázanse.
- b) os continentes móvense sobre os fondos oceánicos.
- c) os continentes mantiveron sempre a posición actual.
- d) os fondos oceánicos están en expansión.

11. Un dos volcáns activos do mundo é o Fujiyama, situada no arquipélago de Xapón. A súa orixe está ligada á:


- a) subdución da litosfera oceánica baixo o arquipélago.
- b) existencia dun “punto quente” baixo o arquipélago.
- c) conxunción de dous sistemas de grandes fracturas corticais.
- d) existencia dunha pluma convectiva que ascende dende o manto.

12. A zona de sombra das ondas P débese:

- a) ao gradiente xeotérmico.
- b) a que o núcleo externo é sólido.
- c) a que o núcleo externo é fluído.
- d) a que as ondas P non se desprazan nos medios fluídos.

13. Neste diagrama represéntase:

- a) un oróxeno de colisión.
- b) un arco insular.
- c) unha litosfera oceánica.
- d) unha cadea montañosa submarina.



14. A codia oceánica está formada por:

- a) rochas ígneas básicas e rochas sedimentarias.
- b) rochas metamórficas e rochas ígneas extrusivas.
- c) rochas ígneas ácidas e rochas sedimentarias calcarias.
- d) rochas graníticas e rochas basálticas.

15. Que tipo de proceso gravitacional está representado na fotografía adxunta?

- a) Desprendemento.
- b) Fluxo.
- c) Escorregamento ou esvaramento.
- d) Reptación.



16. As rochas ovelladas (aborregadas) son típicas de:

- a) ambientes fluviais.
- b) ambientes lacustres.
- c) ambientes glaciares.
- d) ambientes mariños.



17. Das seguintes formas do relevo, cal non pertence ao modelado fluvial?

- a) Fervenza.
- b) Dolina.
- c) Delta.
- d) Socalco (terraza).

18. Cal dos seguintes procesos se produce por meteorización química?

- a) Termoclastia.
- b) Hidrólise.
- c) Haloclastia.
- d) Xelifracción.

19. A deflación consiste en que:

- a) o vento realiza un transporte non selectivo.
- b) o vento pule e desgasta as rochas ao bater contra elas.
- c) o vento deposita materiais no sotavento.
- d) o vento ergue as partículas máis pequenas do terreo.

20. As estalagmitas:

- a) son formas de disolución das rochas calcarias.
- b) son estruturas formadas por precipitación.
- c) medran dende o teito cara o solo.
- d) son formas exocársticas.

21. Cal das seguintes formas non é representativa do curso alto dun río?


- a) Fervenza.
- b) Marmitas de xigante.
- c) Garganta ou desfiladeiro.
- d) Esteiro.

22. Cal das seguintes estruturas non é propia da morfoloxía volcánica?

- a) Escudos.
- b) Tómbolos.
- c) Domos.
- d) Pitóns.

23. Elixe de entre as opcións seguintes a mellor definición dos horizontes edáficos da figura:

- a) A lixiviado; B acumulación; C alteración; D rocha nai.
- b) A materia orgánica; B lavado; C rocha nai; D rocha sedimentaria.
- c) A lixiviado; B forte lavado; C alteración; D materia orgánica.
- d) A materia orgánica; B acumulación; C rocha nai; D lavado.



24. A oroxenia Varisca (Hercínica) tivo lugar durante o:

- a) Paleozoico.
- b) Cenozoico.
- c) Mesozoico.
- d) Proterozoico.

25. Fentos de porte arbóreo foron especialmente abundantes na Terra durante o período:

- a) Cretácico.
- b) Ordovícico.
- c) Carbonífero.
- d) Xurásico.



26. Indica cal das secuencias seguintes está ordenada de maior a menor antigüidade:

- a) Trilobites, Ammonites, Nummulites, molar de Mamut.
- b) Molar de Mamut, Ammonites, Nummulites e Trilobites.
- c) Trilobites, Nummulites, molar de Mamut, Ammonites.
- d) Ammonites, Trilobites, Nummulites, molar de Mamut.

27. Os Trilobites son fósiles-guía característicos do:

- a) Mesozoico.
- b) Cenozoico.
- c) Fanerozoico.
- d) Paleozoico.



28. A extinción dos dinosauros tivo lugar:

- a) entre o Precámbrico e o Paleozoico.
- b) entre o Paleozoico e o Mesozoico.
- c) entre o Mesozoico e o Cenozoico.
- d) entre o Terciario e o Cuaternario.



29. Entre que dous planetas se atopa o cinto de asteroides máis próximo á Terra:

- a) Mercurio e Venus.
- b) Marte e Xúpiter.
- c) Xúpiter e Saturno.
- d) Neptuno e Plutón.


30. Na península Ibérica a zona con maior risco sísmico é:

- a) Galicia.
- b) Cantabria.
- c) Castela-A Mancha.
- d) Andalucía.

31. A presenza de ... nos carbóns empregados nalgúns centrais térmicas pode desencadear a chuvia ácida.

- a) xofre (azufre).
- b) chumbo.
- c) ozono.
- d) argón.

Contesta as seguintes cuestións relativas ao corte xeolóxico da figura:



- Lenda
- 1 Granito
 - 2 Gravas e areas
 - 3 Calcaria
 - 4 Margas
 - 5 Lousas
 - 6 Aureola de metamorfismo

32. A falla da figura é:
- a) normal.
 - b) inversa.
 - c) horizontal.
 - d) vertical.
33. Cal é a orde correcta?
- a) Pregamento dos materiais 3 e 4 - intrusión - metamorfismo de contacto - falla.
 - b) Intrusión - metamorfismo de contacto - pregamento dos materiais 3 e 4 - falla.
 - c) Intrusión - metamorfismo de contacto - falla - pregamento dos materiais 3 e 4.
 - d) Pregamento dos materiais 3 e 4 - falla - intrusión - metamorfismo de contacto.
34. Que tipo de discontinuidade se establece entre os materiais 2 e 4?
- a) Discordancia.
 - b) Disconformidade.
 - c) Paraconformidade.
 - d) Inconformidade.
35. Que material non limita co muro do estrato 3?
- a) O 5.
 - b) O 6.
 - c) O 1.
 - d) O 4.
36. As rochas máis abundantes en Galicia son:
- a) granitos e lousas.
 - b) calcarias e cuarcitas.
 - c) mármore e arxilas.
 - d) basaltos e gneises.
37. Un pregamento que ten os materiais máis antigos no seu núcleo é necesariamente:
- a) un anticlinal.
 - b) un sinclinal
 - c) un antiforme.
 - d) un sinforme.

38. Cal destas formas é típica dos granitos?

- a) Estalactitas.
- b) Poljé.
- c) Cheminea de fadas.
- d) Pías.

39. O hipocentro dun terremoto é:

- a) o lugar da superficie terrestre ao chegan primeiro as ondas sísmicas.
- b) o centro da Terra.
- c) o lugar onde rompen as rochas e se xeran as ondas sísmicas.
- d) o lugar do manto terrestre no que se xeran os terremotos.

40. En que tipo de rochas aparece a estrutura da imaxe?

- a) Gabro.
- b) Basalto.
- c) Carbón.
- d) Granito.

